



O “GRUPO DE EXPERTOS EN ATENCIÓN PRIMARIA” define “as enfermeiras que se trasladan desde o hospital a primaria” como “lastres”.

Desde CIG-SAÚDE queremos manifestar o noso rexeitamento ás conclusións do “GRUPO DE EXPERTOS EN ATENCIÓN PRIMARIA”, en particular no referente ao apartado nº 4-e sobre “as enfermeiras que se trasladan desde o hospital a primaria” que son definidas no documento como “lastres”.

É impresentable que o SERGAS permita a utilización deste cualificativo para definir a un grupo de profesionais altamente cualificado e con unha traxectoria profesional impecable, que fai uso do marco legal para elixir o centro onde quere traballar.

Cando unha enfermeira se traslada do hospital a primaria achega a este nivel asistencial todo o coñecemento adquirido ao longo da súa vida profesional, e toda a súa formación nas distintas patoloxías ou enfermidades que teñen as persoas que ingresan nos hospitais, e non so desde o punto de vista asistencial, tamén desde a atención ás persoas en toda a súa dimensión persoal, emocional e familiar.

Un discurso hipócrita que so pretende buscar confrontación entre profesionais.

Como se pode dicir todo isto cando a responsabilidade é da Consellaría de Sanidade e do SERGAS

Documento de EXPERTOS

CIG-SAÚDE

Falta de Xestión e capacidade organizativa.

Para que serve tanto cargo de libre designación?

Indefinición da carteira de servizos de enfermaría.

Levamos reclamando desde o ano 2009 a carteira de servizos **NON Á CARTEIRA DE ENFERMARÍA** añ

Potencial resolutivo superior ao expresado actualmente

A opinión das profesionais non conta. O criterio utilizado nos últimos anos foi: deixar de facer para non

Non están delimitadas as funcións.

Non hai mapa de competencias. Na maioría dos centros de saúde non hai protocolos. O persoal que se

Carencia de Formación

Os expertos cuestionan a formación continuada do SERGAS?

Equipa multidisciplinar roto, non hai traballo coordinado, nin traballo en colaboración entre xs distintos

Son as enfermeiras que se trasladan do hospital as responsables de xestionar o traballo en equipo?

No documento dos "Expertos" non se fala da responsabilidade da Administración no referente a: amort

Que podemos agardar dunha administración tan irresponsable que pretende facer culpable da situación de atención primaria a un colectivo?

É verdade que o persoal que se traslada a primaria mellora a súa calidade de vida ao deixar de facer quendas de mañás, tardes e noites no hospital os 365 días do ano. **Non é delito, é un dereito.**